

**Instrución VI/2014 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela pola que se establecen as medidas e o procedemento de Xestión de calefacción e climatización.**

A optimización dos nosos recursos nos leva a establecer medidas encamiñadas ao necesario aforro económico pero tamén a realizar aforros enerxéticos por razón tanto de índole económica como polo noso compromiso social.

A complexidade da nosa institución dificulta o establecemento dun procedemento único, o comportamento térmico dos edificios históricos e dos máis recentemente incorporados ao noso patrimonio, os diferentes usos, centros docentes, centros de investigación, residenciais, deportivos, require establecer un procedemento de xestión que compatibilice uns criterios claros definidos dende a dirección da universidade coas especiais condicións de cada centro.

Para garantir o éxito de calquera das medidas que se adopten dende a dirección da universidade é imprescindible contar coa colaboración e apoio dos directores e conserxes dos centros e encargar ao servizo de tele-control a execución técnica e o seguimento de todas as incidencias que se producen día a día.

Para establecer os períodos e horas de funcionamento dos sistemas de calefacción e climatización vanse a ter en conta as seguintes variables:


- Temperatura exterior: ter en conta esta variable supón cambiar un modelo baseado no calendario a un modelo baseado na climatoloxía. Os modelos actuais de predición permiten o axuste de tempos e temperaturas
- Temperatura interior: é a establecida por decreto para os edificios públicos.
- Condicións térmicas de cada edificio: Os illamentos, a orientación, os cerramentos exteriores, etc van influír nun maior ou menor aproveitamento térmico, polo que é imprescindible telo en conta.
- Grao de ocupación e/ou utilización de edificios: hai que adaptar o funcionamento dos sistemas de calefacción a actividade real dos centros. Se non hai usuarios non se poden manter os sistemas funcionando.

Para a eficacia de calquera medida que se adopte é imprescindible contar coa implicación dos usuarios dos centros con xestos tan sinxelos como cerrar as portas e ventás cando estea funcionando a calefacción ou a climatización ou incluso, cerrando os radiadores, e por suposto usar os equipos de frío calor locais o estritamente imprescindible.



En base as condicións e variables anteriores esta Xerencia establece o seguinte procedemento para a xestión da calefacción e/ou sistemas de climatización.

1. A xerencia adaptará anualmente o establecido no "*Real Decreto 1826/2009, de 27 de novembro, por el que se modifica el Reglamento de instalaciones térmicas en los edificios, aprobado por Real Decreto 1027/2007, de 20 de julio*"
2. No Campus de Santiago de Compostela correspóndelle aos operadores de control da OXI o seguimento e aplicación das normas que con carácter xeral se establezan para os centros que contan con control remoto.
3. Tamén serán os encargados de orientar o funcionamento nos centros que non contan co dito control, para o que deberán prestar asesoramento e apoio ao persoal dos centros, en especial ao persoal de conserxería.
4. No Campus de Lugo estas funcións correspóndelle desenvolverlas á OXI de Lugo.
5. Para o establecemento das horas de funcionamento empregaranse os seguintes parámetros:
  - a. Condicións climatolóxicas. Con temperaturas exteriores sostidas e anticipadas pola tendencia nas predicións metereolóxicas ofrecidas polo servizo de Meteogalicia de como mínimo tres días, as temperaturas mínimas en valores comprendidos entre 5 e 8° C con un diferencial respecto das temperaturas máximas de non máis de 4 a 6° C sostidos polo menos durante 3 ou 4 días, supón frío nos edificios e o consecuente aceso das calefaccións. O apagado das calefaccións cando a condición non se cumpra debe ser automático.
  - Os centros con sistemas de climatización deberán empregar semellantes criterios tanto no inverno como no verán con criterios de referencia coherentes.
  - b. Grao de ocupación do centro, nas datas e franxas horarias con ocupacións baixas, deben ter a consideración de non calefactables, agás as franxas diarias necesarias para quentar os centros antes do inicio da súa actividade. Cando a actividade pasa a ser máis reducida, ás tardes principalmente, pódese autorizar quentar os pequenos espazos puntualmente con sistemas alternativos (calefacción eléctrica)



2

6. Os operadores de control da OXI tomarán as decisións naqueles casos nos que se dean circunstancias singulares, e para as que se require unha decisión rápida. Os operadores documentarán a opción adoptada en base aos argumentos que a apoien. Na páxina WIKIPOE farase o seguimento.
7. Corresponde a Xerencia resolver os conflitos que se podan plantear por discrepancias entre os operadores de control e os centros.

Para unha mellor xestión é preciso un traballo previo de personalización de cada centro, no que deberá implicarse o director do centro e especialmente o persoal de conserxería.

Os centros que carecen de control remoto, as funcións de acendido - apagado e demais operacións para o correcto funcionamento, correspóndelle ao persoal de conserxería para o que deberá atender as instrucións que con carácter xeral se establezan dende a Xerencia da Universidade e que serán transmitidas e coordinadas polos operadores de control remoto. As incidencias que se presenten e as avarías poderán ser comunicadas por correo electrónico ao servizo de Infraestruturas ([mantemento.infraestructuras@usc.es](mailto:mantemento.infraestructuras@usc.es)) con copia ao servizo de tele-control ([poe@usc.es](mailto:poe@usc.es)). No caso de emerxencias, os responsables dos centros ou conserxes chamarán ao telefono de emerxencias do servizo de mantemento.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2014

A xerente



M<sup>a</sup> Lourdes Batán Aira